



Confederación Intersindical Galega

# Crear emprego tamén é responsabilidade da Xunta de Galiza

---

Nos últimos vinte anos o sector industrial galego perdeu 55.000 empregos, pasando de máis de 205.000 a uns 150.000 na actualidade. A industria é fundamental pra manter o tecido productivo e o desenvolvemento do país. O seu desmantelamento está producido polas limitacións que a entrada na Unión Europea impuxo a sectores básicos da economía galega, como son a gandería, pesca ou sector naval.

A Xunta de Galicia ten unha actitude pasiva ante o peche de empresas, a redución de emprego e as limitacións na produción. Postura que contrasta coa doutras nacionalidades, como Cataluña, que emprega as Caixas de Aforro para controlar sectores e empresas estratéxicas, consolidando así a actividade económica e a creación de emprego.

O actual Goberno Galego non é quen de defender o sector lácteo, onde se perderon desde 1994 a 1996 nada menos que 15.000 explotacións, nen o sector naval onde só en 1997 se reduciron nos astelerios públicos máis de 1.000 postos de traballo e anúncianse outros 1.300 para este ano, nen en Santa Bárbara onde están en perigo os 230 empregos existentes, nen sectores estratéxicos como o eléctrico, nen de conseguir completar os ciclos productivos como en ENCE. A súa práctica é exclusivamente a de transmitir e seguir as decisións e intereses do Goberno Central, que a maioría das veces son negativos para Galiza.

A Xunta de Galicia debe ter un papel activo na creación de emprego, tanto en novos servicios básicos (atención á terceira idade, protección da natureza, inspección laboral, investigación, etc) como na consolidación e xestión de novas actividades productivas, nas que o capital privado non ten interés ou capacidade para entrar. Neste sentido compre que se eleve o investimento real por ano até os 225.000 millóns de pesetas tal como solicita o Consello Económico e Social de Galicia, e que as caixas de aforro invistan nos sectores productivos e dentro da nación galega.

Pero de pouco vale que a Xunta teña unha política máis activa en materia industrial ou que a alta cotización do dólar faga máis competitivas as exportacións, se ó mesmo tempo non se evita a destrución dos sectores productivos básicos e o desmantelamento do sector público industrial, tal como está a acontecer coa maior parte das empresas que se pretende privatizar.

Desde a CIG coidamos que a loita pola creación de emprego estable é fundamental, especialmente na industria, e que ademais debe ir unida a unha extensión das subvencións económicas a todos os parados, e a eliminación de todos os xeitos de traballo precario. Compre unha política distinta da actual que aumenta e xera grandes ganancias nun núcleo estreito de grandes empresas e entidades crediticias, mentras destrúe o tecido productivo, e aumenta a marxinación e o desemprego.

Pra acadar resultados efectivos compre que o Goberno Galego, as deputacións e concellos actúen sobre o aparello productivo, mediante investimentos directos e medidas de apoio, deixando de actuar exclusivamente de xestores dos problemas de intendencia das grandes empresas e do sistema bancario. Por este motivo desde a CIG propomos nas reunións abertas encol do emprego coa Xunta de Galiza:

- Que se efectiven as recomendacións do Consello Económico e Social: un investimento real de 225.000 millóns anuais por parte da Xunta, o 5% do PIB, e a creación de 213.000 postos de traballo netos até o 2002, no sector secundario e terciario.
- Que as caixas e bancos galegos invistan en actividades productivas dentro do país.
- A eliminación das trabas que impiden a Astano e Bazán construír calquera tipo de barcos.
- Que ENCE complete o ciclo productivo, coa instalación dunha fábrica de papel.
- Que o Ministerio de Defensa cumpra cos acordos asinados con Santa Bárbara, e continúe sendo a principal suministradora.

## **POR UNHA POLÍTICA ACTIVA DA XUNTA QUE PULE POLOS SECTORES PRODUCTIVOS!!!**

## **O SECTOR PÚBLICO É DE TODOS E VITAL PARA ECONOMÍA NACIONAL!!!**

